

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE HUMANIDADES DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Órganos da Facultade de Humanidades

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 3. A Xunta de Facultade

Artigo 4. Composición

Artigo 5. Duración da representación

Artigo 6. Censo

Artigo 7. Competencias

Artigo 8. Réxime de convocatorias

Artigo 9. Delegación de competencias

Artigo 10. Lugar e tempo das sesións

Artigo 11. Orde do día das sesións

Artigo 12. Asistencia ás sesións

Artigo 13. Quórum de constitución

Artigo 14. Presidencia das sesións

Artigo 15. Desenvolvemento dos debates

Artigo 16. Adopción de acordos

Artigo 17. Forma dos acordos e réxime de recursos

Artigo 18. Publicidade dos acordos

Artigo 19. Actas das sesións da Xunta de Facultade

Artigo 20. Libro de actas

Artigo 21. Certificación dos acordos e recomendacións da Xunta de Facultade

CAPÍTULO II. DO DECANO/A

Artigo 22. O decano/a

Artigo 23. Competencias

Artigo 24. Eleccións a decano/a.

Artigo 25. Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de decano/a

Artigo 26. Votación

Artigo 27. Cese

Artigo 28. Moción de censura

Artigo 29. Suplencia

CAPÍTULO III. DO SECRETARIO/A DA FACULTADE E OS/AS VICEDECANOS/AS

Artigo 30. O/a secretario/a da Facultade

Artigo 31. Os/as vicedecanos/as

TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 32. Natureza e funcións

Artigo 33. Comisións delegadas estables e a súa composición

Artigo 34. Réxime das sesións

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 35. Composición

Artigo 36. Competencias

Artigo 37. Funcionamento

CAPÍTULO III. DA COMISIÓN DA TITULACIÓN DE GRAO

Artigo 38. Composición

Artigo 39. Competencias

Artigo 40. Funcionamento

CAPÍTULO IV. DA COMISIÓN DA TITULACIÓN DE MESTRADO

Artigo 41. Composición

Artigo 42. Funcionamento

Artigo 43. Competencias

CAPÍTULO V. DA COMISIÓN DE IGUALDADE

Artigo 44. Composición

Artigo 45. Competencias

Artigo 46. Funcionamento

CAPÍTULO VI. DA COMISIÓN DE CALIDADE

Artigo 47. Composición

Artigo 48. Competencias

Artigo 49. Funcionamento

CAPÍTULO VII. DA COMISIÓN DE CULTURA

Artigo 50. Composición

Artigo 51. Competencias

Artigo 52. Funcionamento

CAPÍTULO VIII. DA COMISIÓN DE MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

Artigo 53. Composición

Artigo 54. Competencias

Artigo 55. Funcionamento

CAPÍTULO IX. DAS COMISIÓNS DELEGADAS NON ESTABLES

Artigo 56. Composición e funcionamento

TÍTULO III. OUTRAS COMISIÓNS NON DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I. DA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 57. Composición

Artigo 58. Competencias

Artigo 59. Funcionamento

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA

Artigo 60. Composición

Artigo 61. Competencias

Artigo 62. Funcionamento

TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 63. Procedemento de reforma do Regulamento

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Disposición adicional Primeira. Do uso dos medios electrónicos no Pleno da Xunta e nas comisións delegadas e nas específicas

Disposición adicional segunda. Dereito supletorio

DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Única. Derrogación normativa

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1. Obxecto

A Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela rexerese polo presente Regulamento de réxime interno que ten por obxecto establecer o réxime xurídico dos órganos do centro en desenvolvemento dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados por Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro (DOG 12 de febreiro de 2014).

Artigo 2. Órganos da Facultade de Humanidades

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Humanidades son:

- a) A Xunta de Facultade
- b) O/a decano/a
- c) Os/as vicedecanos/as
- d) O/a secretario/a

TÍTULO I. DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN DA FACULTADE

Capítulo 1 . DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 3 . A Xunta de Facultade

É o órgano colexiado de goberno do centro, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 4. Composición

A Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que convocará e presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/a secretario/a, que o será tamén da Xunta.
- d) O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centro e departamento.
- e) O seguinte persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia no centro e censado nel, así como o non censado que teña neste un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor/a a tempo completo:
 - Todo o profesorado con vinculación permanente á Universidade que representará o 51%.
 - O resto do PDI, sempre que non exceda do 10% do total da Xunta.
 - O persoal docente e investigador a tempo parcial non poderá representar máis do 5%.

- f) Unha representación do estudiantado do 32%. O estudiantado de grao non poderá representar menos do 20% e garantirase a representación do estudiantado de mestrado e doutoramento cando proceda.
- g) Unha representación do persoal de administración e servizos censado no centro, nunha proporción do 7% do total da Xunta, cun mínimo de dous.

Artigo 5. Duración da representación

Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación co centro ou a deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo que se foi elixido.

Artigo 6. Censo

O persoal docente e investigador e o estudiantado estarán censados soamente nun centro desta Universidade, nas condicións que estableza o Consello de Goberno.

Artigo 7. Competencias

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección de decano/a e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- b) A elaboración e a aprobación do seu Regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao centro.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, da creación de escolas de especialización profesional dependentes do centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A formulación de propostas de modificación do Plan Docente Anual (PDA), logo da consulta aos departamentos, á proposta inicial da Vicerreitoría de Organización Académica.
- h) A aprobación da memoria de calidade da Facultade.
- i) A aprobación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC) da Facultade.
- j) A aprobación dos informes de seguimento e da renovación da acreditación das titulacións adscritas á Facultade.
- k) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do centro e a supervisión da súa xestión.

- l) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- m) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co centro pola súa docencia e investigación.
- n) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- o) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co centro ou coas súas actividades.
- p) Calquera outra competencia que lle atribúan os Estatutos ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Artigo 8. Réxime de convocatorias

A Xunta de Facultade reunirse, con carácter ordinario, polo menos tres veces durante o curso académico en período lectivo e, con carácter extraordinario a iniciativa do decano/a ou a pedimento de:

- a maioría dos membros da Comisión Permanente
- un terzo dos membros da Xunta de Facultade.

Nestes dous supostos, o pedimento deberá ir acompañado dunha xustificación da súa convocatoria e debe incluír o asunto e proposta que se quere tratar de xeito explícito e concreto.

Artigo 9. Delegación de competencias

A Xunta de Facultade poderá delegar as súas funcións en Comisión Permanente ou en comisións delegadas.

Artigo 10. Lugar e tempo das sesións

10.1 A Xunta de Facultade reunirse nas instalacións da Facultade de Humanidades dentro do calendario de días lectivos.

10.2 Tamén poderanse celebrar reunións por medios telemáticos, sempre e cando a natureza do asunto o permita. Neste senso consideraranse medios válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Artigo 11. Orde do día das sesións

11.1 A orde do día da Xunta de Facultade será elaborada polo/a decano/a coa axuda do/a secretario/a e do/a vicedecano/a.

11.2 Igualmente poderanse incluír dentro da orde do día aqueles puntos que estime a Comisión Permanente por maioría simple ou aqueles outros que soliciten por escrito un terzo dos membros da Xunta de Facultade

11.3 As xuntas de facultade serán convocadas cunha antelación mínima de dos días hábiles e a orde do día das convocatorias ordinarias incluírá necesariamente, ademais dos temas a tratar, os seguintes puntos: a aprobación das actas de sesións anteriores, o informe do decano/a, os asuntos de trámite, os rogos e preguntas e a rolda aberta de intervención.

Artigo 12. Asistencia ás sesións

12.1 A asistencia ás sesións da Xunta de Facultade é un deber e un dereito dos seus membros.
12.2 Calquera membro da Xunta de Facultade poderá desculpar por escrito ou mediante correo electrónico dirixido á secretaría da Facultade de Humanidades a súa non asistencia á Xunta de Facultade.

Artigo 13. Quórum de constitución

13.1 A Xunta de Facultade constituirase validamente en primeira convocatoria coa presenza do decano/a que a presidirá, ou de quen legalmente os substitúa, e da maioría absoluta dos seus membros.

13.2 En segunda convocatoria, a Xunta de Facultade poderá constituírse coa presenza do presidente, do secretario e dunha cuarta parte dos seus membros.

13.3 De non acadarse o quórum necesario para constituírse, esta deberá convocarse novamente, no prazo máximo de tres días hábiles, para unha nova data que deberá ser, en todo caso, dentro dos seguintes quince días hábiles.

Artigo 14. Presidencia das sesións

A presidencia das sesións da Xunta de Facultade recaerá no/a decano/a ou persoa en quen delegue.

Artigo 15. Desenvolvemento dos debates

15.1 O/A decano/a dirixirá, moderará e ordenará o desenvolvemento dos debates, dando a quenda de intervención a aqueles membros da Xunta de Facultade que o soliciten.

15.2 O/A decano/a tamén poderá propor á consideración da Xunta de Facultade a alteración da orde de discusión dos puntos da orde do día, o ordenamento dos debates e calquera outra cuestión que se lle encomende no presente Regulamento.

15.3 Por razóns de especial urxencia, o/a decano/a poderá propoñer a incorporación dalgún novo punto na orde do día, sempre e cando estean presentes todos os membros da Xunta de Facultade e acorden por maioría a súa inclusión.

Artigo 16. Adopción de acordos

16.1 As decisións da Xunta de Facultade adoptarán a forma de acordos naquelas materias da súa competencia.

16.2 As decisións poderanse tomar por asentimento ou ben por votación.

16.3 En caso de votación entre dúas propostas, os acordos adoptaranse por maior número de votos a favor dunha proposta, agás no disposto neste Regulamento en relación á moción de censura e á reforma do propio Regulamento.

16.4. A fin de axilizar o procedemento, as votacións poderán ser públicas e a man alzada, ou ben secretas cando afecten a persoas concretas ou así o solicite calquera dos asistentes.

16.5 No suposto de haber tres ou máis propostas, procederase a unha segunda votación entre as dúas propostas máis votadas en primeira volta. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a decano/a ou da persoa que legalmente o substitúa na presidencia da Xunta de Facultade.

16.6 Non está admitida a delegación de voto nin en membros da Xunta de Facultade nin en persoas alleas a ela. Tampouco se admitirá o voto anticipado.

Artigo 17. Réxime de recursos

17.1 Os acordos da Xunta de Facultade serán susceptibles de recurso nos termos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e de acordo coa normativa vixente en materia de funcionamento dos órganos colexiados e procedemento administrativo.

Artigo 18. Publicidade dos acordos

Os acordos da Xunta de Facultade recollidos en acta serán remitidos para o seu coñecemento aos membros do PDI, PAS e ESTUDANTES, previa á súa aprobación, nun prazo mínimo de dous días hábiles antes da celebración dunha nova Xunta de Facultade.

Artigo 19. Actas das sesións da Xunta de Facultade

19.1 O/a secretario/a ou persoa que o substitúa será o encargado de levantar acta de cada sesión. Estas sesións poderán gravarse.

19.2 Esta acta deberá conter, como mínimo, os seguintes apartados:

1º No encabezamento especificarase se se trata dunha convocatoria ordinaria ou extraordinaria.

2º A continuación indícarase a data da convocatoria, facendo constar a mención ao local onde se celebra xunto co día, mes, ano e a hora de inicio.

3º A relación dos membros da Xunta de Facultade que asistiron á reunión e as ausencias xustificadas.

4º A orde do día da sesión.

5º Un resumo dos debates no que se inclúan os puntos principais das deliberacións referentes aos puntos da orde do día.

6º O contido completo dos acordos, especificando a forma de adopción dos mesmos e, neste caso, o número de votos favorables a cada unha das propostas.

7º A acta pecharase, previa á súa firma, coa indicación á hora de remate da Xunta de Facultade.

8º No caso de que as sesións se graven, esta gravación, xunto coa certificación do secretario, e resto de documentos electrónicos empregados na sesión, poderán acompañar a acta, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

19.3 Na acta figurará, previa solicitude dos membros da Xunta de Facultade que así o pidan, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que os xustifican, ou tamén o sentido do voto favorable. Así mesmo, calquera membro da Xunta terá dereito á transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, para o que será imprescindible que se lle entregue por escrito á/ao secretario/a antes do remate da sesión ou no prazo que sinala o/a decano/a.

19.4 Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular por escrito o seu voto particular nun prazo de 72 horas e que se incorporará ao texto aprobado. En todo caso, deberán anunciar a intención de voto particular na propia sesión.

19.5 A acta será asinada pola persoa que actúe como secretario/a co visto e prace da persoa que presida a sesión.

19.6 As actas aprobaranse na seguinte sesión ordinaria da Xunta de Facultade, sen prexuízo das observacións dos membros da Xunta que proceda facer constar. O borrador da(s) acta(s) pendente(s) de aprobación estará(n) a disposición dos membros da Xunta dende o momento de enviar a convocatoria.

19.7 Unha vez aprobadas e asinadas as actas polo/a secretario/a, ou pola persoa que realizase as súas funcións na sesión correspondente, xunto co visto e prace do/a decano/a ou de quen efectivamente presidise a sesión, archivaranse e ficarán baixo a custodia do/a secretario/a da Facultade.

19.8 As actas poderán ser consultadas, previa solicitude, naqueles supostos que legalmente se admitan e conforme se estableza en cada caso na lexislación de aplicación.

Artigo 20. Libro de actas

As actas, unha vez aprobadas, archivaranse segundo as instrucións que ao respecto se indiquen pola Secretaría Xeral.

Artigo 21. Certificación dos acordos e recomendacións da Xunta de Facultade

21.1 O/a secretario/a do centro, co visto e prace do/a decano/a, expedirá as certificacións dos acordos a calquera membro da Facultade que o solicite por escrito.

21.2 Soamente darán fe dos acordos aprobados pola Xunta de Facultade as certificacións expedidas polo/a secretario/a da Facultade, co visto e prace do/a decano/a.

CAPÍTULO II. DO DECANO/A

Artigo 22. O decano/a

O/a decano/a representa a facultade, exerce a súa dirección e a xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 23. Competencias

- 23.1. Segundo se recolle no artigo 100 dos Estatutos da USC, son competencias do/a decano/a:
- a) A representación da facultade.
 - b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e a de calquera outro órgano colexiado delas, así como a execución dos seus acordos.
 - c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da facultade.
 - d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao centro.
 - e) A dirección económica das actividades organizadas polo centro.
 - f) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do/a secretario/a da facultade e, de ser o caso, dos/as vicedecanos/as, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
 - g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no centro.
 - h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
 - i) O control do axeitado mantemento do patrimonio do centro.
 - j) O exercicio das restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen nos Estatutos da USC ou na lexislación universitaria.

23.2. As competencias do decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da facultade que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 24. Eleccións a decano/a

24.1 As eleccións a decano/a serán convocadas polo Decanato, conforme ao establecido no Regulamento Electoral da USC, coa debida antelación para que teñan lugar antes do termo do seu mandato e, en calquera caso, como mínimo un mes antes da finalización deste.

24.2 A Xunta de Facultade elixirá o decano/a de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade censado no centro por un mandato de 4 anos.

24.3 O/a elixido/a so poderá acumular 2 mandatos consecutivos.

24.4 De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reúnan os requisitos esixidos, o Consello de Goberno, tras a proposta do reitor, encargarlle provisoriamente as funcións de decano/a ou director/a a un profesor/a con vinculación permanente á Universidade censado no centro. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

24.5 Se o decano/a cesase no cargo por causa distinta da expiración do seu mandato, as eleccións serán convocadas por quen o substitúa, nos vinte días seguintes ao devandito cesamento.

Artigo 25. Sesión extraordinaria da Xunta de Facultade para a elección de decano/a

25.1 Cumpridos os procedementos e prazos establecidos para a presentación de candidatos/as, convocarase unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día a elección o/a decano/a.

25.2 A sesión non poderá celebrarse antes de que pasen tres días hábiles despois de pechado o prazo de presentación de candidaturas, nin despois de corenta e cinco días naturais desde a data da convocatoria.

25.3 A presidencia da sesión corresponderá ó/á decano/a en funcións. No caso de que este presente a súa candidatura, será substituído polo vicedecano/a que este designe. Se esta ou este tamén presentase a súa candidatura, actuará como presidente o membro da Xunta de Facultade de maior idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.

25.4 No caso de que o secretario/a da Facultade presente a súa candidatura, actuará como secretario/a accidental o membro da Xunta de Facultade de menor idade que reúna as condicións requiridas nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela para o desempeño do cargo.

Artigo 26. Votación

26.1 Cada candidato/a disporá dun máximo de 30 minutos para expoñer os seu programa. Deseguido, responderán durante un prazo máximo conxunto dunha hora ás preguntas que os membros da Xunta de Facultade lles formulen.

26.2 Logo do debate, procederáse á votación nominal e secreta de tódolos membros da Xunta. Cada elector poderá dar o seu voto a favor dunha única candidata ou candidato, votar en branco ou absterse.

26.3 A presidencia da sesión adoptará as medidas necesarias para garantir o segredo do voto e a seguridade do resultado.

26.4 No caso de concorrencia de máis dunha candidata ou candidato, a elección celebrárase de acordo co sistema de dobre volta establecido no Regulamento electoral xeral da Universidade de Santiago de Compostela. No caso de que houberse un único candidato, só se celebrará unha votación, resultando elixido aquel que obteña o 25% ou máis dos votos emitidos.

26.5 De producirse empate entre dous/dúas ou máis candidatos/as procederíase a unha nova votación no prazo máximo de 3 días. Se se mantivese o empate logo da segunda votación, consonte co artigo 64 do regulamento electoral da USC darase preferencia a quen sexa máis antigo de acordo co artigo 16 dos Estatutos da Universidade.

Artigo 27. Cese

O/A decano/ cesará nas súas funcións ao remate do seu mandato, a pedimento propio, como consecuencia dunha moción de censura ou por calquera outra causa das recollidas no Regulamento electoral xeral da USC relativa a perda da condición de cargo unipersonal.

Artigo 28. Moción de censura

28.1 O/a decano/a pode ser revogada/o mediante moción de censura de acordo co previsto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

28.2 Para poder ser tramitada, a moción de censura deberá ser presentada coas sinaturas de, polo menos, un terzo dos membros da Xunta de Facultade e incluír o nome da persoa proposta como novo/a decano/a, a cal tamén terá que asinar para acreditar a súa conformidade.

28.3 Se a moción de censura reunise os requisitos anteriores, o/a decano/a convocará unha sesión extraordinaria da Xunta de Facultade con ese único punto da orde do día, nun prazo máximo de quince días hábiles desde que aquela teña recibido entrada no Decanato da Facultade.

28.4 A presidencia da sesión corresponderá ao membro do profesorado con vinculación permanente á Universidade pertencente á Xunta de Facultade de maior categoría e antigüidade.

28.5 Tanto o/a candidato/a proposta/o como decano/a disporán dun prazo máximo de trinta minutos para expor as súas posicións. Deseguido, abrirase unha quenda de intervencións e preguntas por parte dos membros da Xunta de Facultade cun prazo de duración máximo dunha hora.

28.6 Rematada a quenda de preguntas e intervencións, procederáse á votación nominal e secreta da moción de censura. A moción considerarase aprobada se recibe o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade e, en tal caso, a persoa que presida a sesión proclamará decano/a electo/a á persoa proposta na moción.

28.7 Se a moción de censura non fose aprobada, ningún dos seus asinantes poderá asinar outra durante o mesmo período de mandato.

28.8 Se a moción de censura fose aprobada, será proclamada decano/a electo/a a persoa proposta na moción de censura polo período de mandato que lle reste ó/á decano/a revogado/a.

Artigo 29. Suplencia

En caso de ausencia ou enfermidade, o/a decano/a será substituído/a polo/a vicedecano/a designado polo/a decano/a, ou no seu defecto polo/a secretario/a da Facultade.

CAPÍTULO III. DO/A SECRETARIO/A DA FACULTADE E E/OU VICEDECANOS/AS

Artigo 30. O/a secretario/a da Facultade

30.1 O/a secretario/a da Facultade é quen da fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro.

30.2 Será responsabilidade súa, en colaboración cos coordinadores das titulacións adscritas ao centro, elaborar os horarios e calendarios de exames para o seu estudo na correspondente comisión do título.

30.3 Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle delegue o/a decano/a, a lexislación vixente e os estatutos da USC.

30.4 O/a secretario/a será nomeado polo/a Reitor/a segundo a proposta do/a decano/a o, de entre os profesores ou funcionarios dos grupos A1 e A2 censados no centro.

30.5 Cesará por decisión do Reitor á proposta do/a decano/a, por petición propia ou tras o cese do/a decano/a que fixo a proposta de nomeamento. Neste último caso, continuará en funcións ata a súa confirmación o substitución polo/a novo/a decano/a.

30.6 No caso de ausencia, as súas funcións ordinarias serán asumidas pola persoa do equipo decanal designada ao efecto polo/a decano/a.

Artigo 31. Os/as vicedecanos/as

31.1 No exercicio das súas competencias, o/a decano/a recibirá a colaboración dos/as vicedecanos/as que coordinarán e dirixirán a área ou áreas de competencias encomendadas, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao persoal de administración e servizos.

31.2 Serán nomeados pola Reitora ou Reitor segundo a proposta do/a decano/a, de entre os membros da facultade que reúnan os requisitos establecidos no artigo 71 dos Estatutos da USC.

31.3 Cesará por decisión do/a Reitor/a á proposta do/a decano/a, por petición propia ou tras o cese do/a decano/a que fixo a proposta de nomeamento. Neste último caso, continuará en funcións ata a súa confirmación o substitución polo/a novo/a decano/a.

31.4 No caso de ausencia, as súas funcións ordinarias serán asumidas pola persoa do equipo decanal designada ao efecto polo/a decano/a.

TÍTULO II. DAS COMISIÓNS DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 32. Natureza e funcións

32.1 As Comisións estables da Facultade actuarán por delegación da Xunta de Facultade e terán como misión informar ou presentar propostas sobre todos aqueles asuntos que este Regulamento ou os órganos de goberno da Facultade competentes lles encomenden.

32.2 O presente Regulamento prevé a constitución de determinadas comisións delegadas de carácter estable e autoriza á Xunta de Facultade para crear comisións conxunturais, de carácter non estable. A composición, competencias e duración das comisións delegadas, no caso de non estar previstas neste Regulamento de réxime interno, serán determinadas en cada caso pola Xunta de Facultade

Artigo 33. Comisións delegadas estables e a súa composición

33.1 Son Comisións delegadas estables da Xunta de Facultade: a comisión permanente, a comisión da titulación de grao, a comisión da titulación de mestrado, a comisión de igualdade, a comisión de calidade, a comisión de cultura, e a comisión de mobilidade e internacionalización.

33.2 Os membros das comisións delegadas deberán ser membros da Xunta de Facultade. Estas comisións, nos casos en que se consideren oportuno, poderán invitar a outras persoas a participaren nelas, con voz mais sen voto.

33.3 A elección dos membros das comisións estables que representen aos distintos sectores da Xunta de Facultade realizarase polos membros do respectivo sector no seo da propia Xunta. A elección poderá ser por asentimento, sen necesidade de votación, cando o número de candidatas ou candidatos presentados sexa inferior ou igual ao de postos elixibles.

33.4 A presidencia destas comisións corresponderá ao/á decano/a ou persoa en que delegue.

33.5 Todas as persoas elixidas serano por dous anos, agás o estudantado, que o será por un ano. A condición de membro das Comisións estables perderase ao cesar a vinculación coa Facultade, ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido ou no momento da renovación destas comisións cando sexa substituído pola seguinte candidata ou candidato máis votada/o do mesmo sector dos/as presentados/as no seu momento.

33.6 As ausencias non xustificadas ás reunións das comisións delegadas serán comunicadas polo/a decano/a á Xunta de Facultade cando acaden o número de 3 consecutivas ou 5 alternas. Neste caso, a Xunta de Facultade valorará se, para garantir o correcto funcionamento da comisión, é preciso proceder a substitución da persoa en cuestión.

Artigo 34. Réxime das sesións

34.1 As comisións estables serán convocadas nos mesmos termos que os establecidos para a Xunta de Facultade.

34.2 Os acordos, informes, propostas e recomendacións das comisións delegadas adoptaranse por asentimento ou maioría simple.

34.3 Das sesións das comisións estables levantarase un acta polo seu secretario ou secretaria na que se recolleran, ademais dos acordos adoptados, as opinións contrarias aos mesmos.

34.4 As decisións das comisións delegadas no exercicio de competencias delegadas deben adoitarse a forma de acordos, sen prexuízo da obriga de dar conta á Xunta de Facultade das decisións adoptadas.

34.5 O/a decano/a da Facultade informará á Xunta de Facultade en cada sesión ordinaria da mesma de todas as actuacións das comisións estables celebradas desde a data da anterior sesión ordinaria que atinxan ás competencias da Xunta, e someterá á aprobación do Pleno as decisións que non pertencen ás competencias decisorias das comisións delegadas.

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DE FACULTADE

Artigo 35. Composición

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a presidirá
- b) Os/as vicedecanos/as
- c) O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión
- d) Unha representación mínima de 2 membros de cada un dos distintos sectores que integran a Xunta de Facultade, distribuídos do seguinte xeito:
 - 2 membros do profesorado con vinculación permanente á Universidade
 - 2 membros do resto do persoal docente e investigador e do persoal investigador en formación
 - 2 estudantes de grao
 - 2 estudantes de mestrado
 - 2 membros do persoal de administración e servizos.

Artigo 36. Competencias

36.1 A Xunta de Facultade pode delegar na súa Comisión Permanente as competencias que non lle reservan expresamente os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e a restante normativa de aplicación.

36.2 A delegación entenderase por termo indefinido, agás que o acordo de delegación dispoña outra cousa ou que a súa temporalidade se derive da propia natureza da delegación.

36.3 A Xunta de Facultade pode revogar en calquera momento a delegación, recuperando o exercicio das competencias delegadas sen máis requisitos que os requiridos para outorgala.

36.4 Serán competencias da Comisión Permanente da Xunta de Facultade:

- a) Coñecer e decidir sobre os asuntos de trámite.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle fosen delegados pola Xunta de Facultade.

- c) Asesorar en todas aquelas cuestións que a decana ou decano lle solicite no exercicio das súas competencias e decidir, de ser o caso, sobre as que aquela ou aquel lle delegue expresamente.
- d) Propoñer á Xunta de Facultade a incorporación de puntos na orde do día das súas sesións ordinarias, como ten previsto este Regulamento no seu artigo 11.3.

Artigo 37. Funcionamento

A Comisión Permanente reunirse cando sexa necesario para a tramitación dos asuntos que ten encomendados e establecerá se o estima necesario unha periodicidade para as súas reunións ordinarias. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO III. DA COMISIÓN DA TITULACIÓN DE GRAO

Artigo 38. Composición

Cada titulación de grao na Facultade de Humanidades terá unha Comisión da Titulación de Grao e estará composta por:

- a) O/a decano/a do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá
- b) Un/ha coordinador/a que será PDI do título
- c) Un/ha secretario/a, que será elixido/a entre os membros da comisión
- d) O/a responsable de calidade do centro (RCC)
- e) Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos (salvo que se especifique outra cousa)
- f) O/a responsable da unidade xestión de centro e departamento do centro
- g) Un mínimo dun/dunha estudante do título
- h) Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados, profesionais.

Ademais, poderá crearse un comité consultivo do título ou do centro, segundo estableza o SGC do centro, para ter en conta a información dos egresados, colexios profesionais, empresa e, en xeral, unha representación dos grupos de interese.

Artigo 39. Competencias

39.1 Serán funcións da Comisión da Titulación de Grao as que lles outorgue a Xunta de Facultade e aqueloutras que lle poidan asignar no marco do SGC do centro e, en calquera caso, as seguintes:

- a. Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola xunta de centro.
- b. Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes

asignarán o profesorado ás materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.

- c. Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para a súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.
- d. Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á xunta do centro para a súa aprobación.
- e. Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.
- f. Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.
- g. Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

39.2 A Comisión de Titulación de Grao informará os expedientes de validacións, recoñecementos e adaptacións, e demais de semellante natureza que así o requiran, agás nos casos nos que esta competencia estea atribuída á Comisión da Titulación de Mestrado adscrito á Facultade.

Artigo 40. Funcionamento

A Comisión da Titulación de Grao reunirse en calquera momento do curso, en función da cantidade e relevancia de temas que tratar. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO IV. DA COMISIÓN DA TITULACIÓN DE MESTRADO

Artigo 41. Composición

Cada titulación de mestrado na facultade de Humanidades terá unha Comisión da Titulación de Mestrado e estará composta por:

- a) O/a decano/a do centro ou persoa en que delegue, que a presidirá
- b) Un/ha coordinador/a que será PDI do título
- c) Un/ha secretario/a, que será elixido/a entre os membros da comisión
- d) O/a responsable de calidade do centro (RCC)
- e) Un mínimo de 4 e un máximo de 12 membros do PDI, que serán elixidos entre os docentes do título cunha representación proporcional á encarga lectiva das súas áreas de coñecemento e departamentos (salvo que se especifique outra cousa)
- f) O/a responsable da unidade xestión de centro e departamento do centro
- g) Un mínimo dun/dunha estudante do título
- h) Poderán participar (con voz pero sen voto) na comisión, cando así o demande a natureza do título, profesorado externo, egresados, profesionais.

Artigo 42. Competencias

42.1 Serán funcións da Comisión da Titulación de Mestrado as que lle outorgue a Xunta de Facultade e, en calquera caso, as seguintes:

- a. Formular a proposta de oferta de prazas e criterios de admisión, de acordo coa memoria do título, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación polo Consello de Goberno visto o informe emitido pola xunta de centro.
- b. Formular a proposta de programación docente anual (PDA) e a asignación de docencia das materias do título a áreas de coñecemento, previa consulta aos departamentos participantes, para a súa aprobación pola xunta de centro e posterior aprobación pola vicerreitoría con competencias na materia. Unha vez comunicada por parte do centro a aprobación do PDA aos departamentos que interveñen na docencia do título, estes asignarán o profesorado ás materias do título de acordo coa normativa vixente e a cualificación docente e investigadora do PDI.
- c. Aprobar as propostas de colaboración docente do persoal externo á USC, para á súa tramitación pola vicerreitoría competente, indicando os custos e recursos cos que conta para a súa participación.
- d. Analizar a guía docente (programación) de cada materia previamente aprobada polo departamento que ten asignado a encarga docente, para supervisar que o programa e demais partes da programación anual de cada materia se adaptan á memoria verificada do título (MVT) vixente e dar traslado do seu informe á xunta do centro para a súa aprobación.
- e. Asesorar, se así se lle solicita, sobre o recoñecemento de competencias do alumnado matriculado no título.
- f. Tramitar propostas de modificación do título consonte ao establecido neste documento e a normativa en vigor.
- g. Todas aquelas outras funcións de tipo académico necesarias para o correcto desenvolvemento do programa e que non fosen encargadas a ningún outro órgano.

42.2 Para a xestión dos mestrados, as comisións de mestrado rexeranse pola memoria destas titulacións, de acordo co Regulamento de réxime interno e o SGIC da Facultade. No caso de títulos interuniversitarios, rexerá o que indique o convenio.

42.3 A Comisión da Titulación de Mestrado poderá informar os expedientes de validacións, recoñecementos e adaptacións, e demais de semellante natureza que así o requiran, agás nos casos nos que esta competencia estea atribuída ás comisións académicas das titulacións de Grao adscritas á Facultade.

Artigo 43. Funcionamento

A Comisión Académica da Titulación de Mestrado reunirse en calquera momento do curso, en función da cantidade e relevancia de temas que tratar. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO V. DA COMISIÓN IGUALDADE

Artigo 44. Composición

A Comisión de Igualdade estará formada por:

- a) O/a decano/a ou vicedecano/a en quen delegue
- b) O/a secretario/a da Facultade, que o será tamén da Comisión
- c) Catro representantes do profesorado.
- d) Dous estudantes.
- e) Un membro do Persoal de Administración e Servizos.

Artigo 45. Competencias

45.1 Velar polo cumprimento efectivo do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todos os ámbitos da Facultade, no marco das políticas específicas deseñadas neste eido pola Universidade de Santiago de Compostela e en colaboración cos órganos competentes desta.

45.2 Fomentar a integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos da Facultade, así como a realización de actividades orientadas á sensibilización sobre temas de igualdade de xénero.

Artigo 46. Funcionamento

A Comisión de Igualdade reunirse, como mínimo, unha vez durante o curso académico. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO VI: DA COMISIÓN DE CALIDADE

Artigo 47. Composición

A Composición da Comisión de Calidade estará composta por:

- O/a decano/a ou persoa en quen delegue
- O/a responsable de calidade do Centro
- Os/as coordinadores/as dos títulos do grao e mestrado impartidos no Centro
- Os/as docentes que o/a decano/a considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade, nun número máximo de catro, para o funcionamento axeitado do SGIC
- O/a responsable da Unidade de Xestión de Centro e Departamento
- Dous/dúas alumnos/as de grao e dous/dúas de mestrado.

Artigo 48. Competencias

A Comisión de Calidade é o órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGC da Facultade, actuando ademais como medio de difusión interna do SGC e dos seus logros. Á Comisión de Calidade correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións:

1. Realizar o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGC da Facultade.
2. Elaborar e propoñer á Xunta de Facultade, para a súa aprobación a Memoria de Calidade do Centro.
3. Ser a interlocutora coa Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, a través da/o responsable de calidade do Centro, así como atender as indicacións e requirimentos dados pola vicerreitoría con competencias en Calidade para implantar os axustes e melloras do SGC na Facultade.
4. Todas aquelas outras funcións relacionadas co ámbito da calidade necesarias para o correcto desenvolvemento do SGC.
5. En relación cos títulos de Grao e Mestrado, e dentro do ámbito da Calidade, a Comisión de Calidade terá as seguintes funcións:

- Elaborar o informe de seguimento do título, para a súa posterior aprobación en Xunta de Facultade, que deberá incluír o informe de resultados de cada grao adscrito á Facultade e de propostas de mellora.
- Analizar a información proporcionada polos/as coordinadores/as dos graos e o/a responsábel de calidade para levar a cabo o seguimento dos títulos.

Artigo 49. Funcionamento

A Comisión de Calidade reunirse, como mínimo, unha vez cada trimestre durante o curso académico. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO VII: DA COMISIÓN DE CULTURA

Artigo 50. Composición

A Composición da Comisión de Cultura estará composta por:

- O/A decano/a ou persoa en quen delegue
- O/a vicedecano/a
- O/a secretario/a
- Catro membros do profesorado
- Un(ha) representante do Persoal de Administración e Servizos
- Un(ha) representante do alumnado

Artigo 51. Competencias

A Comisión de Cultura é o órgano que participa nas tarefas de organización, realización e promoción de actividades culturais

Artigo 52. Funcionamento

A Comisión reunirse, como mínimo, unha vez cada semestre do curso académico. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO VIII: DA COMISIÓN DE MOBILIDADE E INTERNACIONALIZACIÓN

Artigo 53. Composición

A Comisión de Mobilidade e Internacionalización estará composta polos seguintes membros:

- O/a decano/a ou persoa en quen delegue e que será quen a presida
- O/a vicedecano/a responsable da mobilidade académica (RAM)
- O/a secretario/a que o será tamén da comisión
- O/os coordinador/es académico/s de mobilidade
- O/a responsable da Unidade de xestión de centro e departamento
- 2 representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.

Artigo 54. Competencias

54.1 Na Comisión de Mobilidade e Internacionalización recaerá a responsabilidade de seleccionar e propoñer os convenios de intercambio das titulacións do grao e mestrado do centro, sen menoscabo das propostas que os propios docentes poidan achegar.

54.2 Levará a cabo a selección e asignación de destino do alumnado que se acolla a programa de intercambio a nivel nacional e internacional.

54.3 Será competente para resolver calquera problema docente ou académico que poida presentarse aos alumnos de acollida durante a súa estadía.

54.4. Tratará todas as cuestións que poidan contribuír a crear ligazóns entre as titulacións do centro e outras universidades estranxeiras.

Artigo 55. Funcionamento

A Comisión de Intercambios e Internacionalización reunirse, como mínimo, unha vez durante o curso académico. O/a secretario/a que levantará acta dos acordos das súas reunións e dará fe das mesmas.

CAPITULO X. DAS COMISIÓNS DELEGADAS NON ESTABLES

Artigo 56. Composición e funcionamento.

56.1 Ademais das comisións de carácter permanente, o pleno da Xunta de Facultade poderá crear comisións delegadas non estables coa finalidade de emitir informes, propostas ou recomendacións de carácter non vinculante sobre determinados asuntos.

56.2 A composición das comisións delegadas non estables será proporcional á porcentaxe que cada sector ostenta na Xunta de Facultade.

56.3 A Xunta de Facultade non poderá delegar decisións decisorias nas comisións delegadas non estables.

56.4 As comisións delegadas non estables estarán integradas por membros do pleno da Xunta de Facultade.

56.5 As comisións delegadas non estables poderán convidar a participar nelas a outras persoas con voz pero sen voto, sempre e cando o consideren necesario. A decisión sobre convidar a outras persoas será adoptada por maioría de votos.

56.6 Os membros das comisións delegadas non estables serán nomeados polo/a decano/a ou pola persoa en quen delegue e informarse do seu nomeamento ao pleno da Xunta de Facultade. Ademais das persoas nomeadas, tamén formará parte destas comisións delegadas non estables o/a decano/a ou persoa en quen delegue quen será ademais quen as presida.

56.7 Cada comisión delegada non estable elixirá a un secretario/a que levantará acta dos acordos das súas reunións e dará fe das mesmas.

56.8 Os membros das comisións delegadas non estables serán convocados por escrito mediante o correo electrónico institucional e cunha antelación de tres días. Naqueles casos urxentes que a presidencia xulgue como tales, serán convocados cunha antelación de dous días.

56.9 As comisións delegadas non estables constituiranse en primeira convocatoria coa maioría dos seus membros e en segunda convocatoria, coa presenza dun terzo dos mesmos. No caso da segunda convocatoria, esta será convocada con media hora de diferenza con respecto á primeira.

56.10 As comisións delegadas non estables adoptarán os seus acordos, informes, propostas e recomendacións por maioría simple, pero será preciso que no momento da súa adopción exista o quórum sinalado.

TÍTULO III. OUTRAS COMISIÓNS NON DELEGADAS DA XUNTA DE FACULTADE

CAPÍTULO I. DA COMISIÓN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Artigo 57. Composición

A Composición da Comisión de Normalización Lingüística estará composta por:

- O/a decano/a ou persoa en quen delegue
- O/a vicedecano/a
- O/a secretario/a
- Catro membros do profesorado
- Un(ha) representante do Persoal de Administración e Servizos
- Un(ha) representante do alumnado.

Artigo 58. Competencias

A Comisión de Normalización Lingüística ten encargarse das tarefas de normalización lingüística, promovendo actividades relacionadas coa lingua e a cultura galegas e analizando a presenza da lingua galega na vida académica

Artigo 59. Funcionamento

Esta Comisión se reunirá unha vez ao ano co obxecto de presentar informes e propostas no seu ámbito de actuación. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

CAPÍTULO II. DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA

Artigo 60. Composición

A Comisión de Biblioteca estará formada por:

- a) O/a decano/a, que a presidirá e convocará
- b) O/a vicedecano/a
- c) O/a secretario/a da Facultade
- d) O/a director/a da Biblioteca Intercentros do Campus Terra ou persoa en quen delegue
- e) Tres profesores/as que impartan docencia no centro

- f) Dous representantes do alumnado que formen parte da Xunta de Centro.

Artigo 61. Competencias

As funcións da Comisión de Biblioteca serán aprobar a política de desenvolvemento das coleccións bibliográficas das áreas de coñecemento con docencia no centro e distribuír o orzamento no ámbito da súa competencia, conforme ás liñas xerais aprobadas pola Comisión da Biblioteca Universitaria.

Artigo 62. Funcionamento

A Comisión de Biblioteca reunirse, como mínimo, unha vez durante o curso académico. O/a secretario/a levantará acta das sesións e dará fe dos seus acordos.

TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 63. Procedemento de reforma do Regulamento

1. A reforma do Regulamento de réxime interno da Facultade poderá iniciarse por decisión do/a decano/a, ou mediante proposta asinada polo vinte e cinco por cento dos membros da Xunta de Facultade.
2. As propostas de reforma do Regulamento, debidamente articuladas e motivadas, serán debatidas e votadas en Xunta de Facultade, debendo darse un prazo mínimo de cinco días hábiles para a presentación de emendas antes da celebración da Xunta.
3. Para que a reforma sexa adoptada, será preciso que reciba o voto favorable da maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade. Unha vez aprobada, elevarase ao Consello de Goberno para a súa ratificación. De non ser así, a proposta de reforma considerárase rexeitada, e non poderá propoñerse outra reforma idéntica ata transcorrido un prazo de dous anos.
4. Cando a reforma do Regulamento se produza pola aplicación obrigatoria dunha modificación dunha norma de rango superior, abondará con que sexa aprobada polo voto favorable da maioría dos presentes na Xunta de Facultade.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional Primeira. Do uso dos medios electrónicos no Pleno da Xunta e nas comisións delegadas e nas específicas

O/a decano/a articulará un procedemento co fin de garantir a utilización de medios electrónicos para:

- A notificación das convocatorias das sesións.
- A presentación de mocións, propostas, emendas e candidaturas.

- Acceso ás actas e á documentación correspondente aos puntos que se van tratar na orde do día.

Disposición adicional segunda. Dereito supletorio

O presente Regulamento debe ser integrado e interpretado no marco do disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela e nas normas vixentes sobre o ensino universitario, así como no resto do ordenamento xurídico. En particular, para o que non estea previsto neste Regulamento nin nos Estatutos ou na normativa sectorial, aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. 25

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Única. Derrogación normativa

Quedan derogados o Regulamento da Xunta de Facultade de Humanidades aprobado na Xunta de Facultade do 27 de setembro de 2011 e ratificado polo Consello de goberno da Universidade do día 7 de novembro de 2011, e calquera disposición adoptada pola Xunta de Facultade ou demais órganos colexiados do centro que contradiga ou vulnere o establecido neste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAIS

Única. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da USC logo de ter sido ratificado polo Consello de Goberno.